



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Sometemento a información pública relativo ao saneamento na parroquia de Queiruga. Porto do Son (A Coruña)

ANUNCIO

Sometemento a información pública relativo ao saneamento na parroquia de Queiruga. Porto do Son (A Coruña)

O Concello de Porto do Son, en data 15/09/2021, solicita do organismo Augas de Galicia a colaboración técnica e financeira en materia de infraestruturas hidráulicas para a execución da obra: denominada Saneamento na parroquia de Queiruga, no marco do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

En data 08/10/2021 se remite comunicación por parte de Augas de Galicia no que se indica expresamente:

“1.º.–Realización dun trámite de información pública de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, modificado pola Lei 5/2017 do 19 de outubro, mediante a publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de vinte días (20) días hábiles”.

Visto o anterior e dacordo co establecido no artigo 9 do Decreto 59/2013 do 14 de marzo, procede abrir un período de información pública aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e que poderán presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo improrrogable de 20 días, que comezará a computarse a partir da data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Este anuncio de información pública, ademais da súa inserción no mencionado boletín, será obxecto de exposición ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Porto do Son.

Para os expresados efectos indicados no artigo 9 do Decreto 59/2013 do 14 de marzo, o expediente administrativo correspondente a solicitude de colaboración técnica e financeira en materia de infraestruturas hidráulicas para a execución da obra: saneamento na parroquia de Queiruga, poderá ser examinado nas dependencias administrativas do Concello de Porto do Son, sito na rúa Atalaia, 7, 15970 Porto do Son, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, e na páxina web deste concello <https://portodoson.gal/> na sección de novas.

Porto do Son, 15 de outubro de 2021.

O alcalde

José Luis Oujo Pouso

2021/7424